



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 5 DE FEBREIRO DE 2015	
LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA	
TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ (se incorpora á sesión durante a
exposición da moción tratada no punto 3º da Orde do Día)
Concelleiro
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE
Concelleiro

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONS

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día cinco de febreiro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 8 DE XANEIRO DE 2015.

2º.- ADHESIÓN AO CONVENIO SUBSCRITO ENTRE A XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPOS E PROVINCIAS, PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN E MUTUA COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE DATA 29-01-2015.

3º.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA AO ACCESO ÁS NOVAS TERAPIAS PARA OS DOENTES DE HEPATITE C; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE DATA 29-01-2015.

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE DECEMBRO DE 2014.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 8 DE XANEIRO DE 2015.

Sr. Alcalde: Boa noite a todos e benvidos á sesión ordinaria do Pleno correspondente ao mes de febreiro. A Orde do Día é a seguinte: a primeira parte, que é a parte resolutoria, o primeiro punto é a aprobación, si procede, da acta correspondente á sesión plenaria do 8 de xaneiro de 2015. Non sei si hai algunha cuestión? Algunha alegación a acta?. Si non hai ningunha cuestión aprobámola por unanimidade.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 8 de xaneiro de 2015, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- ADHESIÓN AO CONVENIO SUBSCRITO ENTRE A XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS, PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN E MUTUA COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE DATA 29-01-2015.

Sr. Alcalde: O segundo punto é a adhesión ao Convenio subscrito entre a Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para intercambio de información en mutua colaboración administrativa, segundo ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais.

Para explicar esta cuestión ten a palabra o Concelleiro delegado D. Alberto Blanco.

Sr. Blanco Carracedo, Concelleiro de Facenda: si, boas noites. Ben, trátase da adhesión a un Convenio firmado no seu día pola Dirección Xeral de Tráfico, concretamente os órganos periféricos mais a Federación Española de Municipios e Provincias. Básase nun intercambio de información en relación, tanto domicilio dos condutores como dos vehículos, isto é a efectos sobre todo de notificacións por parte de tráfico e actualizacións do censo de imposto de vehículos de tracción mecánica. Isto ven a facilitar moitas gestións, porque con un simple modificación do domicilio no Concello xa se modifica directamente o domicilio en Tráfico. Penso que isto vai a supoñer unha comodidade ao cidadano. E bueno, todos os grupos votamos a favor no Ditame de esta adhesión a este Convenio.

Sr. Alcalde: Moi ben moitas gracias D. Alberto, algunha intervención?. Ten a palabra o señor Magariños en representación do BNG.

Sr. Magariños Maceiras, Concelleiro de BNG: Si, simplemente indicar que se... bueno que como parece que lle aforra trámites ao cidadán, unha tacha de forma, e aquí tamén quero facer unha autoculpa a min e a todos os de esta corporación, e neste caso é a linguaxe sexista que ten o documento, parece que solo hai homes non?; e, o outro, auto-culpabilidade de que me fixei o outro día e a verdade puidémonos ter fixado antes, pero e que como o final temos tan interiorizado certas tipos de usos e costumes, hai señores e señoras, concelleiros e concelleiras que... a partir de agora, xa digo, tamén asumo a miña parte de culpa porque non me din de conta o outro día, e moitas veces é unha cuestión de forma entón, bueno, xa que criticamos que é un documento dun organismo do Estado pois

tamén autocriticarnos, a partir de agora, de cara ás convocatorias, señoras concelleiras non solo somos señores.

Sr. Alcalde: Moi ben señor Magariños, pois se toma nota da súa aportación e procedemos entón a votar este punto número dous que é a Adhesión ao Convenio suscrito entre a Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e mutua colaboración administrativa. Votos en contra?, abstención?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 09-01-2015, relativa á solicitude da adhesión deste Concello ao Convenio suscrito entre a Xefatura Central de Tráfico e a FEMP.

Visto o Convenio de data 15 de marzo de 2006 entre a Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa.

Visto o protocolo de actuación para a aplicación do citado Convenio sobre cambio de enderezo nos rexistros de condutores e vehículos da Dirección Xeral de Tráfico.

Visto o informe de Secretaría sobre o particular, asinado con data 26-01-2015.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión de data 29-01-2015.

ACORDAMOS:

Solicitar a adhesión íntegra do Concello de A Estrada ao Convenio entre o organismo autónomo Jefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios y Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa, suscrito en Madrid o 15 de marzo de 2006.

3º.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA AO ACCESO ÁS NOVAS TERAPIAS PARA OS DOENTES DE HEPATITE C; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE DATA 29-01-2015.

Sr. Alcalde: O punto número tres é a moción do Partido Socialista PSOE, relativa ao acceso ás novas terapias para doentes de hepatite C, segundo Ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais. Para expoñer o contido desta moción ten a palabra a voceira do Partido Socialista Dña. Belén Louzao.

Sra. Louzao Vieites, Concelleira do PSdeG-PSOE: Vale, esta moción, como dicía, que foi efectivamente proposta polo grupo socialista, foi á Comisión na que se acordou coas... secundada por todos, argumentar que se recolle e así é a vontade de todas as forzas desta Corporación, as peticións da Asociación de afectados pola hepatite C; polo tanto, si ben nós defendemos esta moción, pois témola presentado por rexistro e manifestar esta vontade da Comisión de apoiala de xeito unánime que agardamos que, dende logo, se ratifique no día de hoxe. Dcir, dende logo, dende a nosa postura que o que está a acontecer coa xestión da situación de esta enfermidade, desta enfermidade hepática e, dende logo, moi grave, é

moi grave porque a xestión actual que se está a facer dende o ámbito sanitario, dende as políticas sanitarias do goberno é un desastre; é dicir, dende a irresponsabilidade ata a ineficiencia total. Estamos a falar de que unha vez que existe un fármaco, un fármaco que pode poñer solución segundo os datos do propio Ministerio a máis de 700.000 persoas portadoras deste virus hepático, pois estamos dicindo que teñen problemas para acceder ao mesmo. Por iso non podemos deixar pasar esta situación, unha situación que ben a ser unha ficha máis do que esta a pasar coa sanidade neste país. Estase a destrozar directamente a sanidade, primeiro comezouse cos recortes e aplicando un pago farmacéutico para os maiores, despois quitáronse medicamentos do cupo de medicamentos farmacéuticos financiados, finalmente as listas de espera, a redución de médicos ou a ratio de habitante por camas hospitalarias. Dende logo que o que está a acontecer neste país non ten nome e non todo se pode xustificar falando da crisis económica e dos recortes, hai cousas que, dende logo, non se poden consentir e esta, desde logo, o dos afectados dos pacientes, dos enfermos nos distintos grados de esta enfermidade é unha delas. Estamos a falar de que coa aplicación deste medicamento se poderían sanar, segundo os datos oficiais, preto do 95% dos 30.000 galegos e galegas, dos que 500 persoas morren cada ano, e 30.000 están infectados nalgún estadio da enfermidade polo virus da hepatite C. Por iso compartindo totalmente as peticións que fan dende a Asociación de afectados e que veñen respaldadas polas declaracións públicas de hepatólogos e de persoal médico e sanitario, falamos da necesidade de dar este tratamento de xeito urxente, de aplicalo e de evitar que ningunha das persoas das que poidan beneficiar este tratamento queden sen recibilo. Por eso esiximos e compartimos o espírito de esta moción total e plenamente, e manifestamos que é necesario facelo de xeito urxente, lle hai que esixir responsabilidade á hora de aplicar políticas, sobre todo sanitarias, porque estamos a xogar coa vida das persoas, e non se pode xustificar que existindo un tratamento non se lle facilite a cura a unha persoa. Por iso, como dicía, defendemos esta moción que na Comisión foi apoiada, e agardamos que aquí o sexa deste xeito, e reclamamos, unha vez máis, responsabilidade á hora de aplicar as políticas sanitarias.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas gracias señora Louzao. Sr. Magariños ten vostede a palabra.

Sr. Magariños Maceiras: Si, indicar que, bueno, realmente é unha pena, por non dicir que é lamentable que teñamos que traer a un Pleno municipal unha moción para tratar dun medicamento que necesitan doentes dunha enfermidade grave como é o caso da hepatite C. A que nivel estamos chegando neste país se xa é necesario que a administración máis próxima ao cidadán se pronuncie para que o estado cumpra coa súa obriga e torgue o medicamento que ten dereito todo cidadán neste país. Unha moción que tamén presentara o BNG, esta mesma moción, porque bueno e a moción que se chegara a un acordo coa coordinadora de afectados pola enfermidade esta de hepatites C xa digo. Realmente non deberíamos ter que estar tratando esta moción aquí porque tiña que ser... é de xustiza que todo aquel enfermo que precisa un medicamento se lle otorgue, pero bueno, como as circunstancias son as que son, temos que pronunciarnos como que somos a administración máis próxima ao cidadán dándolle apoio e pedindo e reclamando a quen ten competencia nesta materia que faga o que ten que facer.

Sr. Alcalde: moitas gracias Señor Magariños. Ten a palabra o señor Don Alberto Blanco.

Sr. Blanco Carracedo: Ben, sin entrar a discutir as repercusións presupostarias que puidera ter a introdución do novo medicamento de

un moi elevado prezo sobre o que afectaría a un gran número de pacientes, simplemente celebrar o acordo que tomamos entre todas as partes, pois está claro que unha vida humana non ten prezo e, dende logo, o factor económico non pode ser o limitante para a aplicación dos tratamentos no momento en que sean receitados, recomendados polos especialistas correspondientes.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois creo que todos coincidimos no fondo deste asunto e, bueno pois creo que non hai moito mais que debater, máis que subscribir a moción e apoiar esta xusta reivindicación. Así que procedemos á votación, polo tanto, punto terceiro que é a moción do Partido Socialista PSdeG-PSOE relativo ao accedo as novas terapias para os doentes de hepatite C. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa ao acceso ás novas terapias para os doentes de hepatite C, e que se transcribe de seguido:

“- Exposición de motivos:

A enfermidade hepática causada polo virus da hepatite C (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública, calculándose en cifras do Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais, que unhas 700.000 persoas son portadoras deste virus no conxunto do Estado.

Ata hai pouco tempo os medios de tratamento dispoñibles, cunha gran toxicidade e graves efectos secundarios, tiñan como resultado altas taxas de fracaso terapéutico, dándose ademais numerosos casos de doentes que non podían someterse a elas por intolerancia a algún dos fármacos empregados.

Como consecuencia, na actualidade en Galicia hai unha cantidade importante de persoas enfermas diagnosticadas, en diferentes fases de evolución da hepatite C, que non están sendo tratadas e que teñen como única alternativa a vixilancia da súa evolución á espera de chegar a un estado que determine a idoneidade dun transplante hepático.

Esta situación veuse radicalmente alterada coa aprobación recente de novos fármacos. Particularmente transcendente foi a aprobación do Sofosbuvir, un antiviral de acción directa sobre o VHC, pola Axencia Europea do Medicamento (EMA) a principios do ano 2014. A comercialización deste medicamento no territorio español foi aprobada pola Dirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios o 5 de marzo de 2014.

O día 24 de setembro de 2014, a daquela ministra de Sanidade anunciou publicamente que o Ministerio acadara un acordo co fabricante do fármaco para incluílo na sanidade pública e que os médicos o puidesen prescribir a aqueles doentes que o precisasen, engadindo que a proposta se trasladaría inmediatamente á Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos, e que “en outubro poderán dispoñer os médicos dese medicamento en toda España, para aplicalo aos doentes que o necesiten”.

Desde aquela hai elaborado un protocolo de posicionamento terapéutico e un documento de priorización que están sendo aplicados, no caso de Galicia, pola Subcomisión para o Tratamento de Enfermidade Hepática, constituída na Consellería de Sanidade.

Pero a día de hoxe, sucédense as declaracións públicas de hepatólogos, a través da Asociación Española para o Estudo do Fígado, reclamando que os criterios para a dispensación do tratamento no sistema público sexan máis inclusivos e cifran a necesidade de tratamentos urxentes a aplicar no territorio do Estado nun mínimo de 30.000 para o ano en curso.

Por outra banda, a inqueda e as queixas dos doentes de hepatite C, particularmente dos post-transplantados non negativizados e dos que se atopan en fase cirrótica (F4), van en aumento ao comprobar como nuns casos a súa situación non é contemplada dentro dos criterios de elixibilidade que se aplican para o acceso ao fármaco,

e noutros moitos a solicitude cursada polos seus hepatólogos, unha vez determinado que se cumpren os requisitos establecidos polo Ministerio e recollidos nas instrucións do acceso aos tratamentos da Hepatite C cursadas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, son rexeitados ou non contestados.

- Proposta de acordos para aprobar polo Pleno, atendendo ao requirimento formulado pola Plataforma de afectados pola hepatite C de Galicia:

1. Instar ao Goberno de España para que garanta o acceso ás novas terapias para os doentes de hepatite C que o precisan, de acordo co criterio dos especialistas que atenden cada caso, dispoñendo os recursos que sexan necesarios.

2. Instar ao Goberno Galego a que adopte as medidas necesarias para que a terapia, cos novos fármacos para a hepatite C, se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes aos que lles sexa prescrita polos médicos especialistas do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición.”

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, acadado na sesión do 29-01-2015.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Instar ao Goberno de España para que garanta o acceso ás novas terapias para os doentes de hepatite C que o precisan, de acordo co criterio dos especialistas que atenden cada caso, dispoñendo os recursos que sexan necesarios.

Segundo.- Instar ao Goberno Galego a que adopte as medidas necesarias para que a terapia, cos novos fármacos para a hepatite C, se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes aos que lles sexa prescrita polos médicos especialistas do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Sr. Alcalde: Antes de pasar a parte de Control e de Xestión e de Control, temos entre os voceiros falado da presentación de dúas mocións, unha delas foi debatida e ditaminada en Comisión Informativa pero non incorporada na Orde do Día; e a outra delas que tamén teñen coñecemento non foi levada a Comisión pero a traemos por trámite de urxencia para o seu debate e posterior votación.

Si lles parece, tendo en conta a importancia destas dúas mocións, unha delas é o apoio á realización de actividades para a promoción da obra de Rosalía de Castro, moción presentada e que será defendida polo Bloque Nacionalista Galego; e a outra que é unha moción que nos solicitou a asociación para a Defensa do Pobo Saharauí en relación a Hassanna Aalia, que é unha persoa que esta nunha situación complexa a nivel internacional, e que nos pide a representación da Asociación do Pobo Saharauí na Estrada que adoptemos este acordo. Pois si lles parece, tendo en conta a urxencia e importancia destas dúas cuestións, procedemos á votación da súa urxencia de forma conxunta e, posteriormente, si lles parece, procedemos ao debate de cada unha delas.

Así que votamos a urxencia da primeira delas que é a moción do Bloque Nacionalista Galego sobre o apoio a realización de actividades para a promoción da obra Rosalía de Castro. Votamos a urxencia. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Aprobámola por unanimidade.

Votamos xa tamén a urxencia da segunda moción, que é a moción de apoio para concesión de asilo político ao activista saharauí Hassanna

Aalia. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Aprobámola por unanimidade.

Polo tanto, segundo o orden de intervencións, e en función e en relación á presentación de esta moción lle... ten o turno de palabra o señor Magariños para a defensa da moción do BNG sobre o apoio a realización de actividades de promoción da obra Rosalía de Castro. Ten a palabra señor Magariños.

A) MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES QUE PROMOVAN O COÑECEMENTO DA OBRA E DO COMPROMISO DE ROSALÍA DE CASTRO.

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

Sr. Magariños Maceiras: Si, como todos ben sabemos este 24 de febreiro cúmprese 178 anos do nacemento de Rosalía, é un día que se celebra como o día de Rosalía. Neste Concello levamos uns anos celebrando, si ben tivo uns comezos difíciles por parte do grupo de goberno, pero bueno, despois, como non podía ser de outra maneira, entrado no sentido común, xa lle manifestei máis dunha vez que me sorprendera moi negativamente aquela decisión que tomara o grupo de goberno de non apoiar aquela moción que presentara o grupo de BNG do Día de Rosalía, pero bueno, as rectificacións tamén son benvidas. Entón, esta moción, a maioría dos puntos xa son algo que se levaba facendo neste Concello, simplemente remarcar de volvelos a facer; despois había un par de puntos máis que tiñan que ver co apoio e a situación na que neste momento se atopa a lingua galega. Tamén nos alegamos de que se chegara a acordo por parte das tres forzas políticas porque...bueno, o único cambio que se fixo nos puntos, sobre todo no punto dous, que nós poñemos un prazo de seis meses, non perdón, no punto 3, e o goberno preferiu poñer por o "máis breve posible", bueno pois, si en vez de seis meses son dous ou tres, pois mellor todavía, pero bueno, alegrounos, xa digo, que chegamos a este consenso e esperemos que o consenso ao que chegamos as tres forzas políticas no Concello sirva de camiño para que se chegue ao consenso, que xa había pero que alguén se encargou de dinamitar, no Parlamento galego, e volver a retomar a senda do consenso con respecto ao idioma para que non siga no camiño de abandono, que todos os datos obxectivos están reflectindo ultimamente.

Sr. Alcalde: Moitas gracias señor Magariños. Se ten, se quere intervir ten a palabra Dona Belén Louzao.

Sra. Louzao Vieites: Moitas gracias señor Alcalde. Dicir, como xa dixemos e como xa fixemos en anos anteriores, mostrar o noso apoio á reivindicación das nosas letras, da nosa cultura e, dende logo, tamén de Rosalía como unha persoa que claramente se identifica con Galicia e co galego. É unha muller que traballou nun momento difícil a prol da lingua, a prol das letras e que, polo tanto, cremos que está ben recoñecer este traballo porque na súa persoa van o de tantas persoas que traballan a prol do galego. Apoiar tamén a solicitude á Xunta da mudanza na política lingüística para retomar o consenso, confiando como estamos en que... bueno, pois si agora se vai a producir un cambio na Xunta, si o noso veciño Valentín García resulta ser o Conselleiro, confiemos en que retome o consenso e estamos seguros de que así o fará. Polo tanto, manifestar o noso apoio a esta moción e dicir, unha vez máis, que todo acto cultural que sexa para reivindicar as nosas letras e a nosa cultura contará co noso apoio.

Sr. Alcalde: Moi ben. Gracias aos dous partidos políticos. Eu creo que nesta liña, pois, sempre houbo unha mostra de... ou unha intención de consenso. É certo o que comenta o señor Magariños que as veces pois un non comprende o suficiente determinadas cuestións

que se plantexan aquí, ou debates que ao final transcenden en votacións que non reflexan a identidade ou o sentir de cada un. Nese caso o faláramos ademais moi amablemente ao saír do Pleno explicando un pouco cales eran os motivos de aquela votación, eu creo que nadie discute de que todos entendemos a figura de Rosalía de Castro como referente nas nosas letras, na nosa cultura e, polo tanto, A Estrada, que eu creo que a nadie se lle escapa que é un ente a nivel cultural e creo que é un dos concellos mais dinámicos en materia cultural de Galicia, pois como non pode ser de outra maneira a parte de ensalzar a figura dos seus escritores propios pois tamén evidentemente nos sentimos orgullosos de ensalzar a figura de Rosalía de Castro, así que neste caso traballaremos como sempre se fai dende o Departamento de Cultura para conseguir este fin e, desde logo, pois seguir traballando na liña que se leva facendo desde fai moito tempo no propio Departamento de Cultura, que é unha liña trazada fai moitos anos de consenso e de posta en marcha de iniciativas que moitas de elas pois levan máis alá de 25 e 27 anos consolidadas no plano cultural galego como un referente a nivel de narrativa, a nivel de... pois calquera tipo de representación cultural ou artística que eu creo que A Estrada pois... ten ese espacio de honra dentro dos concellos pioneiros e máis importantes en materia cultural. Así que nesa liña debemos de seguir e valga tamén toda esta iniciativa para poñer en valor como é a figura de Rosalía de Castro e desde logo, e desde A Estrada ensalzar esa figura.

Así que non sei si fai falta que leamos a proposta... resolución da proposta ou votamos directamente da moción do Bloque Nacionalista Galego, que propón.... Si, pois sumámonos... sumámonos á moción ditaminada pola Comisión Informativa en relación á moción do BNG sobre o apoio á realización de actividades de promoción da obra de Rosalía de Castro. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase esta moción por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada polo grupo municipal do BNG presentada con data 15-01-2015 (RE nº 394), e que literalmente se transcribe de seguido:

"Exposición de motivos.

O 24 de febreiro de 2015 cúmprense 178 anos do nacemento de Rosalía de Castro, un día e un mes en que é preciso traballar, como o resto do ano mais de xeito máis intenso e planificado, para difundir unha obra e un pensamento con forte vixencia na actualidade e que pode coadxuvar a recuperar o orgullo de quen somos e o recoñecemento da nosa lingua como expresión xenuína do pobo galego. Lembremos que estamos a falar dunha escritora radical, culta, feminista e comprometida co noso país, coas súas clases populares e cos sinais de identidade da Galiza, entre os que se conta o galego, hoxe especialmente ameazado.

*Rosalía de Castro é non só a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas senón a que marcou o camiño a seguir ao iniciar o proceso de recuperación de usos do galego co obxectivo de lle devolver a dignidade de que fora desposuído. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística de Galiza ten unha enorme débeda coa súa obra, que marca a ruptura da marxinalidade do galego e desafía a sociedade do seu tempo a través dun discruso de defensa da terra, da súa xente e dunha lingua que merece continuar a ser transmitida de xeración en xeración e ser utilizada en todos os ámbitos para contribuír, desde a súa especificidade, ao saber universal que tamén posúe a obra rosaliana.*

Nus tempos en que os datos obxectivos indican un alarmante descenso no uso do

galego, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeración máis novas, pois nos seus textos achamos procedementos e argumentos para fomentar a utilización da nosa lingua, achegarse á nosa idiosincrasia e comprender a nosa identidade cultural. Cómpre, pois, aproveitar a reivindicación desta data para estendela a un mes de febreiro de firme e inequívoco compromiso co idioma, sumando todos os esforzos posíbeis para continuar o camiño por ela iniciado para o galego se converter na lingua en que expresarnos todos os nosos sentimentos e emocións, en que desenvolvemos toda a nosa actividade profesional, en que achegamos o noso contributo á cultura universal.

Por todo isto, e seguindo as directrices dunha convocatoria xa consolidada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), propoñemos ao Pleno Municipal deste concello, tras declarar, o 24 de febreiro Día de Rosalía, os seguintes.

ACORDOS

1. Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover, cando menos, as seguintes accións:

a) Pendurar nos balcóns das casas e das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffitis, murais...

b) Realizar lecturas públicas da obra rosaliana en lugares destacados do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

□) Desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.

2. Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.

3. Solicitar da Xunta de Galiza unha mudanza na política lingüística desenvolvida até o momento, retomar o consenso e promover, nun prazo máximo de seis meses, mudanzas lexislativas substancias guiadas pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego."

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes, en sesión do 02-02-2015.

ACORDAMOS:

1º.- Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra de Rosalía de Castro que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro. Entre estas actividades as seguintes accións:

a) Pendurar nos balcóns das casas e das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffitis, murais...

b) Realizar lecturas públicas da obra rosaliana en lugares destacados do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

□) Desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.

2º.- Apoiar todas as iniciativas de mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de

medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.

3º.- Solicitar da Xunta de Galiza unha mudanza na política lingüística desenvolvida ata o momento, retomar o consenso e promover, no prazo máis breve posible, cambios legislativos substanciais guiados pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego.

B) MOCIÓN DA XUNTA DE PORTAVOCES DO CONCELLO DA ESTRADA RELATIVA Á PETICIÓN DE CONCESIÓN DO ASILO POLÍTICO AO ACTIVISTA SAHARAUI HASSANNA AALIA.

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

Sr. Alcalde: E a seguinte moción que, xa está incorporada na Orde do Día, e a súa urxencia é de apoio á concesión de asilo político a activista saharauí Hassanna Aalia. Para a defensa de esta moción, que tamén está xa consensuada cos outros grupos políticos, ten a palabra a Concelleira de Benestar Social Amalia Goldar.

Sra. Goldar Cora, Concelleira de Benestar Social: Gracias Alcalde. Como ben sabemos, polo menos os representantes políticos que o lunes pasado estivemos na charla organizada pola Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, alí este colectivo en conxunto coa delegación saharauí de Galicia solicitou o noso apoio deste Pleno para unha petición de conceción de asilo político ao activista Hassanna Aalia. Esta persoa está condenado por unha sentenza dun tribunal militar no Sáhara, de Marruecos perdón, a cadea perpetua, o seu único delito, si se pode chamar así, é defender a súa idea de país, a liberdade de expresión e o querer para o seu pobo o dereito de autodeterminación e tódolo defendido desde unha postura pacífica, como non podía ser de outro modo. Por motivos técnicos que, bueno, en este momento se nos escapan e que supoño que serán resoltos no seu momento dunha maneira favorable para esta activista, Interior denegoulle unha protección internacional por considerar que hai un procedemento penal inconcluso, entendemos que non é motivo suficiente porque esta persoa nese momento esta estudiando, actualmente estaba estudiando no noso estado, no estado español, e polo tanto entendemos que debe... porque entendemos que debe concedérselle o asilo político porque ao non facelo e expulsar a este home suporía realmente a súa morte, porque a cadea perpetua con 26 anos nunha cárcel marroquí, unha persoa que xa no seu momento, tal como explica a moción e que non vou entrar en detalles, xa foi sometido a torturas. Por todo isto, esta Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, a delegación saharauí de Galicia, propón ao Pleno o acordo dos seguintes puntos:

- Esixir ao Ministerio do Interior do Goberno de España que, en virtude da lexislación española e de compromiso do noso país con respecto aos dereitos humanos, conceda o asilo político a Hassanna Aalia, activista saharauí de dereitos humanos e defensor do dereito de autodeterminación do pobo saharauí reconecido pola lexislación internacional, dado que o seu retorno ao Sáhara Occidental supón un risco real para a súa integridade física.
- E remitir de forma inmediata esta solicitude ao Ministerio de Interior para que a leve ao Efecto.

Moitas Gracias.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas gracias Dona Amalia Goldar. Non sei si hai algunha intervención por parte do resto dos grupos?. Ten a palabra Dona Belén Louzao.

Sra. Louzao Vieites: Gracias señor Alcalde. Manifestar unha vez máis, como trasladaba a portavoz do grupo de goberno, que en Xunta de Portavoces temos apoiado esta moción e llo temos trasladado a persoa afectada Hassanna, así como á Asociación do Pobo Saharauí que a respalda. Dende logo o que non se pode consentir e como membros de unha democracia así o debemos de facer ver e valer que se salten os dereitos humanos que se acepte un Xulgado dobre a unha persoa por unha mesma razón, que se acepte contra un informe e contundente de ACNUR...enviar a unha persoa a cadea perpetua nas condicións nas que están, dende logo, as prisións marroquí. Dende logo, é necesario que se solucione o conflito saharauí, é necesario non deixar de lado e non esquecer o sufrimento das persoas, dos refuxiados nos campamentos, pero tamén e de xeito inmediato é necesario reclamar que a esta persoa Hassanna se lle poña a defensa necesaria para evitar o que sería unha grave fatalidade para el que sería esa cadea perpetua. Por iso, tal e como manifestamos na Xunta de Portavoces e así llo trasladamos á persoa afectada e a Asociación, vamos a apoiar esta moción e a pedir e a instar que, o antes posible, se solucione a situación deste cidadán.

Sr. López Campos: Moi ben, moitas gracias señora Louzao. Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Si, como é de xustiza e de sentido común solicitarlle ao Ministerio de Interior que lle conceda o asilo político a Hassanna... o outro día na charla que puidemos escoitar, bueno os que estabamos alí presentes, deron unha visión moi clara da situación na que se atopa este mozo, ao que implicaría e o que sería o final unha condena a morte nunha cárcel marroquí, un xuízo que non tuvo as máis mínimas garantías, foi a segunda vez que se xulgaba por un mesmo delito, neste caso por un tribunal militar, en rebeldía. Hassanna explicou a súa situación pero, sobre todo, explicáranola os compoñentes da Solidariedade Galego co Pobo Saharauí, e unha das cuestións que creo que máis clara de como está esta situación que creo que falaba o representante do pobo Saharauí de alí que era a responsabilidade que ten Europa e especialmente o estado español, ten unha débeda histórica co pobo Saharauí, que están levando a unha situación, que como ben decía o representante da delegación Saharauí, que lle esta sendo moi difícil conter á xente nova para que non colla as armas outra vez, alí nos falaban que levaban 40 anos nos campos de refuxiados, houbo xente que naceu alí, non coñece outro mundo e xa están fartos. Este rapaz que reivindica a loita pacífica e a loita polos dereitos humanos, vamos e lle damos a espalda. Todas as cuestións, que tamén facía incapé o representante do pobo saharauí, é a situación do mundo na que está neste momento o Sáhara non?, bueno, neste momento e sempre está onde está, non se pode cambiar. Pero que estaba rodeada de unha serie de conflitos yihadistas e digamos a única zona de paz, entrecomillada, eran os campamentos saharauís, e Europa toma man de este conflito e o soluciona dunha vez por todas ou corre o risco Europa de que lle salte outro conflito ás portas da casa. Decían alí que, sobre todo os países do sur de Europa, tiñan que empezar a tomar nota porque esta aí ao lado e é verdade, estanos aí á volta da esquina non?, e o goberno do estado ten que tomar... ten que facer cumprir as súas obrigas internacionais e a súa débeda histórica que ten co pobo Saharauí, e non podemos esquecer que abandonamos ou abandonaron o Sáhara á súa sorte e Marrocos tomou man del inmediatamente. O único que pedían alí que se faga o..., bueno, se me acaba de ir o nome, o Referéndum de autodeterminación para o Sáhara, non están pedindo

creo que nada que sexa de outro mundo, están pedindo a xusticia e o sentido común.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois moitas gracias a todos os voceiros pola súa explicación e facernos entender mellor este tema. Procedemos á votación de esta moción de apoio que acabamos de debatir. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Aprobábase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a Moción de data 02-02-2015 da Xunta de Portavoces deste Concello, e que se transcribe de seguido:

“O pasado 19 de xaneiro fíxose público o auto de resolución da solicitude de asilo político en España do mozo activista saharauí Hassanna Aalia, no que se lle comunica a denegación da protección e anúnciaselle a saída obrigatoria do territorio español, dándolle un prazo de 15 días para abandonar o Estado español, pese ao castigo que lle espera e o risco real de ser torturado si regresa ao Sahara Occidental baixo ocupación de Marrocos.

Hassanna é un mozo saharauí de 26 anos nado no Aaiún que solicitou o asilo político en xaneiro de 2012, tras decatarse que o seu nome figuraba na relación de acusados que ían ser xulgados en Rabat por un Tribunal Militar polos feitos do Gdeim Izik. Hassanna estaba nese momento en España, non por estar perseguido polo seu activismo a favor da causa saharauí, senón para estudar cunha beca que lle foi concedida para aprender español. A lei española que regula as condicións para a solicitude do asilo político establece cláusulas e prazos excepcionais cando as circunstancias xustifican a petición débanse a causa sobrevida no país de orixe, coo sucedeu neste caso.

Hassanna Aalia figura no Sumario de Instrución do Tribunal Militar Permanente para a Forza Armada do Reino de Marrocos, xunto con outros 24 acusados, todos civís. Foi xulgado en rebeldía a tenor da súa condena a cadea perpetua nunha sentenza que foi lida ante observadores de Human Rights Watch e Amnistía Internacional, entre outros, existen sobrados motivos para determinar que o retorno de Hassanna ao Sahara Occidental suporía un risco real para a súa integridade física.

Pero o Ministerio do Interior denegou a súa petición, malia que contaba cun contundente informe e ACNUR, que apoiaba a solicitude en virtude das circunstancias excepcionais de Hassanna Aalia, recoñecendo o seu activismo, as detencións que sufriu, os malos tratos, e acoso e a presión á que foi sometido por parte da policía marroquí, e a tortura da que foi obxecto. A primeira vez que foi torturado tivo lugar en outubro de 2005, cando tiña 17 anos, por participar nunha manifestación pacífica á saída da escola. Estivo dous días retido e, segundo declarou Hassanna, “os maltratos comezaron na mesma rúa onde fun arrestado e seguiron dentro do vehículo. Xa en comisaría, espíronme, colgáronme boca abaixo durante varias horas e non me deixaron beber auga”.

Interior denegoulle a protección internacional porque na sentenza escrita non figura o nome de Hassanna entre os condenados, aínda que os observadores internacionais confirmaron que si foi nomeado na sala cando se leu o veredicto a cada un dos acusados. Por esta razón, o Estado español considera que hai un procedemento penal inconcluso e, aínda que non o di expresamente, no fondo está avalando a validez dun xuízo que foi denunciado polas máis importantes organizacións internacionais de defensa dos Dereitos Humanos por non ofrecer garantía algunha aos procesados.

Por todo isto proponse ao Pleno do Concello de A Estrada a aprobación do seguinte acordo:

1. Esixir ao Ministerio do Interior do Goberno de España que en virtude da lexislación española e do compromiso do noso país co respecto aos Dereitos Humanos conceda o Asilo Político a Hassanna Aalia, activista saharauí de Dereitos Humanos e defensor do dereito de

autodeterminación do Pobo Saharauí recoñecido pola lexislación Internacional, dado que o seu retorno ao Sahara Occidental supón un risco real para a súa integridade física.

2. Remitir de forma inmediata esta solicitude ao Ministerio do Interior para que a leve a efecto.”

Ante a anterior Moción transcrita, **ACORDAMOS:**

1º.- Esixir ao Ministerio do Interior do Goberno de España que, en virtude da lexislación española e do compromiso do noso país co respecto aos Dereitos Humanos, conceda o Asilo Político a Hassanna Aalia, activista saharauí de Dereitos Humanos e defensor do dereito de autodeterminación do Pobo Saharauí recoñecido pola lexislación Internacional, dado que o seu retorno ao Sahara Occidental supón un risco real para a súa integridade física.

2º.- Remitir de forma inmediata esta solicitude ao Ministerio do Interior para que a leve a efecto.”

Sr. Alcalde: Non sei si hai algunha outra moción de urxencia que os partidos políticos queiran presentar?. Pois si non hai ningunha outra moción pasamos logo á parte de Xestión e Control.

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE DECEMBRO DE 2014.

Sr. Alcalde: O punto número cuarto é a dación de contas de Resolucions da Alcaldía do período comprendido entre o 1 e o 31 de decembro de 2014.

Dáse conta das Resolucions da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 31 de decembro de 2014 (ambos os dous incluídos).

A corporación en Pleno queda sabedora.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde: O punto numero quinto é o de Rogos e Preguntas. Alguén?... Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Louzao Vieites: Gracias. Ben, imos a trasladar unha serie de rogos que se nos fan chegar e que, dende logo, como grupo Municipal cremos que é necesario trasladar a esta corporación. Unha vez máis, porque xa o temos feito con anterioridade por distintas canles e vías, existen veciños que siguen á espera tres anos despois de que o Concello lle responda aos expedientes de recoñecemento da súa vivenda de fóra de ordenación, expedientes que, polo que temos averiguado e falado, nalgún caso levan dende de 10 días despois da súa presentación sen moverse do caixón no que foron depositados. Polo tanto rogamos unha vez máis encarecidamente se atenda a solicitude de estos veciños e veciñas e se lles comunique cal é a súa situación, se lles resolvan esos expedientes que no seu día se

dixo que simplemente era un procedemento de 10 días, e, como xa digo, van 3 anos e esos veciños descoñecen todavía que pasou con eles. Polo tanto, rogamos se resolvan os expedientes de vivenda de recoñecemento fora de ordenación.

Así mesmo rogamos tamén que se modifique, se corrixa e se adapten as actas que figuran colgadas na páxina web, posto que algúns veciños nos preguntaban de acordo da validez dos acordos que aí figuran e, dende logo, non están correctos, as actas que figuran na páxina web e que foron correxidas na seu día nestas sesións plenarias por parte da corporación, figuran todavía cos erros anteriores, polo tanto que se substitúan esas actas que eran borradores ou deberían de ser... pero que están como definitivas e se coloquen as que se trasladan porque queremos crer que si se están enviando correctamente ao libro de rexistro de actas. Polo tanto, que se poñan na páxina web as actas correctas.

Trasladamos tamén, unha vez máis, o rogo que, xa neste caso e por boca do compañeiro Otero Espiño que hoxe non pode estar aquí por unha situación de índole familiar, xa fixemos no Pleno do mes de decembro. Uns veciños de Remesar, no lugar de O Rego, seguramente o Concelleiro xa sabe de que falo, solicitaron un punto de luz, aquí se dixo que se iba a poñer á semana seguint, cando se recordou que había esta solicitude, e nos trasladan estos veciños que segue sen poñer, entre o Horto e o Velao. Está sen poñer, como decíamos, e se nos dixera que xa se poñía aquela mesma semana do mes de decembro.

Traslado tamén hoxe aquí que se celebrou Consello Escolar de Oca e, no noso caso, representantes da Corporación municipal e na portovocia do señor Espiño trasladamos aquí as peticións do Consello Escolar. Solicitan que se desplace un fontaneiro do Concello a revisar os vestiarios do pabellón porque se encharcan, entonces non poden practicar, por tanto, dentro dos vestiarios ten que haber un problema de canalización da fontanería, polo tanto que se traslade un fontaneiro ao mesmo.

Nos din tamén que existe unha solicitude feita dende a comunidade escolar para o arranxo da pista que vai por diante da Escola de Loimil ata a Sobreira, a pista de Loimil do Carballo e, bueno, para que nos ubiquemos nos decían a que pasa cerca da casa do Señor Maceira; parece ser que o transporte escolar dende a comunidade escolar teñen solicitado unha modificación na ruta escolar e que está concedida pero que está pendente de que esta pista se arranxe. Dende o Concello se lles trasladou que estaba nun proxecto pero queren saber cando se vai a facer, porque o transporte escolar está pendente de poder facer esa adaptación, a que se arranxe, porque senón non lla conceden dende Inspección.

O mesmo tamén nos din si se pode personar técnicos de A Estrada Dixital porque cunha treboada se lle queimou a instalación eléctrica, o mesmo que tamén os aparatos de wifi de A Estrada Dixital. Son conscientes de que eso o ten que arreglar a unidade de atención de centros, pero como os aparatos son de Estrada Dixital, dende o Consello Escolar piden si se pode facer un... si os técnicos poden facer un informe para poder remitirlle á UAC e que así se fagan cargo dos mesmos; polo tanto, si se pode desplazar alguén alí. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben, tomamos nota dos rogos efectuados e intentaremos dar traslado no menor tempo posible a todos eles. Algunha outra cuestión?. Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Si, rogos. O primeiro é que... un rogo que xa lle fixera que era que contestaran un escrito que lle ten presentado un veciño de Figueroa en relación ao cemiterio, que se lle conteste a este escrito, un escrito que creo que é do mes de xuño ou mes de xullo.

Outro rogo tamén que se lle fixen, que é que se retirara un rolo de aramio que había no campo de fútbol de herba sintética da

zona, non o novo, senón o que había, da zona deportivo escolar, segue o aramio alí tirado.

E despois dous rogos que me trasladan desde o Consello Escolar do IES nº 1, do que son representante municipal. O primeiro é que se canalice a auga que vai pola beira do valo cara ao estanque para que teña un subministro de.... aproveitando as obras que están facendo o Obradoiro de Emprego e se podería facer un canal pequeno para meter a auga hacia o estanque que teñen no Instituto para que... (**intervención que non se aprecia non audio**)... non, hai un tramo por xunto o valo que non... un tramo pequeniño.

E despois, hai unha pola... un pino que está cerca da carballeira porque esta cerca do valado do recinto do Colexio que ten unha pola media rota e cae sobre o patio. Entón, simplemente, que se corte esa pola porque...bueno, está medio rota, está esgazada, para que non corramos o risco de que nun aire o acabe tirando e caia dentro do patio.

Sr. Alcalde: Moi ben, moi ben, pois algunha outra cuestión? Tten a palabra Señora Louzao.

Sra. Louzao Vieites: Perdón, e que na lista que anotei así a prisa e correndo me deixei un. Piden tamén dende o Consello Escolar de Oca si podemos convocar unha Comisión de Cultura para tratar unha petición que queren facer a Educación para que faga unhas modificacións nos ventanais do Colexio por aforro enerxético e para evitar que se disperse a calefacción. Entonces, nos piden si a Corporación pode instar á Xunta a que faga esa modificación porque, dende logo, é unha inversión nova, non correspondíalle o mantemento ao Concello. Polo tanto, si podemos convocar a Comisión de Cultura para tratar este asunto. Simplemente rogar que se convoque e analizar entre todos esta moción.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas gracias. Non hai ningún outro rogo nin ningunha outra pregunta?. Pois antes de dar por concluído a Orde do Día e o Pleno correspondente ao mes de febreiro, e dentro do Regulamento de Participación Cidadá, calquera persoa que queira facer uso da súa palabra, previa identificación con DNI, pode facer uso da palabra e facer un rogo ou unha pregunta ao Presidente desta Corporación. Pois teñen que identificarse con DNIm aportarllo á persoa que se vai a achegar agora. Ten a palabra Dona María Rosario Iglesias.

Sra. María Rosario Iglesias Requeixo (DNI 44820248X): Hola, boas tardes. A psicoloxía sempre tivo un papel destacado na prevención do consumo de drogas, tanto para comprender e explicar esta conduta dende os procesos que estuda a psicoloxía, á realización de estudos para explicar por que unhas persoas consumen drogas e outras non, como elaborar teorías e modelos para explicar e intervir nos consumidores e de modo especial no desenrolo de programas preventivos eficaces como de tratamento. Quen manifesta isto é Don Elisardo Becoñe Iglesias, Doutor en Psicoloxía e eminencia mundial en prevención de drogodependencias, por tanto, os licenciados ou graduados en pedagogía non son os máis indicados para... os servicios de prevención de drogodependencia dos Concellos ou de outros organismos públicos.

Por outro lado, esta semana saíu na prensa..., perdón, dende a Concellería de Sanidade falando sobre o programa de abandono do alcohol e máis tamén do programa de abandono do hábito do tabaco, no que se manifesta que o obxectivo... bueno, no caso do abandono do alcohol se manifesta que o obxectivo do programa pasa por realizar un proceso de cambio de conduta emocional e cognitivo para logra que se interrumpa consumo e abuso do alcohol, potenciando a autonomía persoal e a integración social. Dado que a xefa de servizo de

prevención de drogodependencia deste Concello é Licenciada en Pedagogía, a miña pregunta é: Esa persoa está facendo funcións de psicóloga? Estase dende o Xoncello promovendo o intrusismo profesional?, é iso.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois como ben sabe, este Concello leva facendo moito tempo, desde fai moito tempo, unha aposta por desempeñar esa función, función que non é competencia municipal, competencia exclusiva dos Concellos, senón que é competencia da Xunta de Galicia e a través dunha serie de convenios, igual que outros servizos como podemos ofertar a través de Servizos Sociais ou Centro de Información á Muller ou calquera outra actividade, se desenrolan a través dun Convenio que o Concello fóra do ámbito das súas competencias establece coa Xunta de Galicia para a prestación dunha serie de servizos. Ca nova Lei de acionización da administración pública os Concellos non podemos prestar aqueles servizos que non estean subvencionados ou financiados o 100%, aqueles por suposto que non sexan competencia municipal, e o que se fai desde o Concello e solicitar a firma desos convenios, neste caso no tocante ao tema de drogodependencias pois o que se fai é cumprir ca Orde que a Consellería e a Xunta de Galicia... a Xunta de Galicia e Consellería correspondente emite cada ano Orde que subvenciona o 100% e que establece unha serie de criterios que os Concellos deben de cumprir non?. Bueno, eu podo garantirlle que esos criterios se levan establecendo moitos anos, non é unha cuestión de agora, non sei si ao mellor agora hai algún interese especial en sacar esta cuestión, pero lle podo garantir que, ou ben non foron coñecedores desta situación con anterioridade, ou ben que non se espuxeron no seu momento, pero isto é unha cuestión que non é unha novidade de este ano e que se leva desenvolvendo así dende hai moito tempo non?. Agora, como decía antes, cunha subvención na que temos que suxeitarnos a unha Orde na que estamos fiscalizados pola Xunta de Galicia, e que evidentemente a Xunta revisa, controla, inspecciona tódolos procesos, desde o proceso de contratación ata as actividades que se desenvollean aí, e, evidentemente, a Xunta establece prioritariamente unha serie de... bueno, de carreiras universitarias, unha serie de titulacións que son as que preferentemente deben de ser convocadas para o proceso selectivo.

É verdade que o programa que ofrece o Concello se basa fundamentalmente no traballo feito nos colexios cos escolares para explicarlle cales son os problemas de alcoholismo, do tabaquismo e outros moitos, e se fai un traballo máis de pedagogía ou fundamentalmente de pedagogía pero tamén é certo que se sigue, que se fai un seguimento dos trastornos das persoas que veñen con algún tipo de trastornos e solicitan a colaboración do Concello ou desta profesional, e en función de ese traballo a profesional emite o seu informe anual. Se leva facendo, xa digo, moito tempo, non é de agora, e bueno, pois ademais nestas ultimas semanas coñecemos a presentación dun recurso contra as Bases que presentou o Concello que eran perfectamente legais que cumpren escrupulosamente e estritamente o establecido pola Orde da Consellería na cal está suxeita esta... este servizo que presta o Concello e, bueno, nós establecemos unha serie de titulacións, se presentou un recurso, atendemos o recurso, nos parece que é unha posibilidade máis, tampouco aporta nada que nós entendamos que sexa distinto, pero bueno, en principio tampouco nos quita en ningún tipo de... non nos impide facelo así e ampliamos a presentación desos... desa oferta de emprego, se matricularán e farán o seu traballo da forma máis profesional posible a persoa que sea responsable, evidentemente ten que facer todas as funcións que establece a Orde, sexa psicólogo, sexa pedagogo, sexa calquer tipo de... pois, formación que lle permita ou que esté dentro da Orde; mañán si lle toca ou si aproba a praza un psicólogo e ten que facer labores de pedagogía, pois supoño que tampouco estaremos falando de intrusismo, simplemente as súas

funcións dentro dunha orde e dun desempeño dunhas funcións que lle obrigará a propia orde a que concurren os Concellos.

Poolo tanto esa é a realidade e eu entendo pois que ata o de agora o Concello funcionou desta maneira, creo que é un servizo fundamental e nós de feito neste contrato non podemos ir máis alá do ano... creo que é do 30 de abril do ano 2015, porque é o prazo que establece máximo a orde de subvención, e a partir de aí teremos que deixar de prestar ese servizo; para min, e perdóneme que llo diga así de claro, pero para min ese é o problema, para min o problema non é quen desempeñe esa función senón que o Concello preste ese servizo e que intentemos buscar as fórmulas para que a partir do 30 de abril o poidamos seguir prestando, porque creo que se fai un traballo extraordinario, que se axudou a moita xente desde o Concello e creo, ademais, que os resultados están aí, é un servizo fundamental que deberíamos seguir prestando. O que está en dúbida é se a partir do 30 de abril o Concello pode seguir prestando ese servizo porque non teña os recursos ou a aportación da Xunta de Galicia para poder seguir prestando. Eu creo que aí, si realmente nos preocupa este tema, creo que aí sería o punto no que todos nos deberíamos de encontrar non?, intentar buscar que o Concello poida seguir prestando ese servizo, independentemente quen sexa a persoa ou cal sexa a titulación da persoa que o desempeñe. Ese é o noso punto de vista, e nesa dinámica seguiremos traballando nos próximos meses para intentar conseguir que así sexa.

Non sei si hai algunha outra cuestión? Pois, si. Ten a palabra dona María do Mar Blanco.

María del Mar Blanco Casais (DNI: 76868700D): Boas noites. Eu quería facerme eco dunha nova que saleu o pasado domingo nos xornais a nivel local, que era as adxudicacións que dende o Concello da Estrada se están facendo a favor da empresa Globalia. Entonces, bueno, como xa sabedes mellor ca nós, desde o último trimestre do 2013 se levan aprobado máis de 90.000 euros a favor desa empresa en conceptos de material urbanístico recreativo. Entonces a miña pregunta é: si desde este Concello hai algún tipo de vinculación con esa empresa de León ou si non como se entende que non se convidaran a concursar a outras empresas de ámbito galego ou incluso local e espertas especialistas en ese tipo de material urbanístico recreativo. Gracias.

Sr. Alcalde: Pois, non sei si ten vostede algún interes en esas outras empresas que teñan esa experiencia, ou si coñece vostede e nos pode aportar esa información, pois sería conveniente, eu non sei si vostede coñece como son e como é a dinámica administrativa dun Concello e como son os procedementos de contratación, pero bueno, aquí se cumpre escrupulosamente, e é certo que esta empresa... e hai unha representante desta empresa que é da Estrada, é estradense, como hai algunha outra tamén doutras empresas a nivel nacional, autonómico, que veñen a visitar o Concello e nos procedementos de contratación se fan as invitacións, nun procedemento negociado o Concello decide a que empresas invita, nun procedemento negociado sin publicidade ou un procedemento negociado con publicidade, fai a selección previa e, evidentemente, nós aquí pois hai moitas empresas interesadas en traballar no Concello; no caso do mobiliario urbano e no caso de... do que son os acondicionamentos de parques infantís, non son moitas as empresas... realmente as empresas que teñen certa solvencia, son empresas algunha catalana, algunha madrileña e algunha empresa, sobre todo empresas multinacionais que teñen unha serie de produtos con certa calidade, sobre todo nos encontramos con un problema importante á hora de conseguir o que é o material técnico para garantir a seguridade dos rapaces, o que é o material técnico do chán donde se instalan estos elementos, que teñen que cumprir unhas condicións determinadas para que o Concello, en todo caso, si hai calquer problema con calquer rapaz non teña... non se

vexa abocado a unha responsabilidade patrimonial, para eso hai que cumprir uns certos estándares e é certo que se nos complica bastante empresas que poidan homologar ese tipo de material do chán técnico que se utiliza neses parques. Neste caso na última actuación que fixemos pois foi cambiar, si se da conta vostede, o chán da Praza Martínez Anido, que era un chán sintético pero que non cumpría coas condicións establecidas polas distintas directrices en materia de seguridade, e tivemos que cambiar tamén o chán sintético do elemento central que existe nos xardíns municipais que tampouco cumpría con esas condicións. Eso que quere dicir?, que si calquer día tivéramos un problema cun cativo en esa zona o Concello podería estar suxeito a unha responsabilidade patrimonial. Tendo en conta esas condicións, hai moi poucas empresas que poidan dedicarse a ese tipo de subministros, e o Concello, dentro das súas competencias e a súa capacidade e a súa autonomía (porque a ten), decide convidar a esas empresas que entendemos que nun negociado valoramos a súa capacidade técnica, sabemos que son empresas que teñen unha solvencia técnica e económica, e a partir de aí pois se lanzan as ofertas e son as empresas as que presentan as súas ofertas económicas e a súas melloras, e a partir de aí é un procedemento que se leva dentro do departamento administrativo correspondente e se resolve a contratación. Non son, xa lle digo, non son moitas as empresas que hoxe en día teñan capacidade para poder facer con solvencia esos traballos, de feito moitos.... e as actuacións todas que se fixeron tanto nos Xardíns Municipais como na Praza Martínez Anido, foron actuacións de reposición, en moitos casos, de reposición de novo material porque o que estaba instalado non cumpría con esas condicións e estábamos advertidos tamén desa problemática non?, Así que eu creo que cando se fan este tipo de temas pois hai que poñerse en man de empresas que sexan profesionais e, evidentemente, se fan as correspondentes invitacións e o procedemento está para poder velo e para poder consultalo calquer persoa do que é o procedemento administrativo, non ten ningún tipo de cuestión e se siguen os pasos establecidos legalmente.

Non sei si hai algunha outra cuestión. Pois agradecéndolle a súa presenza, levantamos a sesión. Moi boa noite.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas vinte minutos.

A Estrada, 5 de febreiro de 2015
A SECRETARIA EN FUNCIONS,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas